

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e o desenvolvemento dun Encontro informático no ano 2024

No lugar de data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte,

José López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991), e de conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia,

Doutra parte,

Ricardo José Durán Rodríguez, con DNI número 32676255V, director xeral da Fundación Semana Verde de Galicia , con CiF G-36155208, que actúa no seu nome e representación en virtude do seu apoderamento a través da escritura notarial número 1136 do 27 de decembro de 2013.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN



Primeiro. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Os artigos 7.1 e 2, 10 e 14 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, reconece expresamente o convenio de colaboración como instrumento de cooperación entre a administración autonómica e os entes instrumentais que integran o sector público autonómico.

Segundo. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano superior da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude e segundo o disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, entre as súas competencias está a de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.

Terceiro. Que a Fundación Semana Verde de Galicia clasificada como entidade benéfico-privada pola Orde do 9 de xullo de 1991, da entón Consellería de Presidencia e Administración Pública, e declarada e inscrita como fundación de interese galego pola Orde do 10 de xullo de 1991, baixo o protectorado da antedita consellería, actualmente é unha fundación do sector público autonómico, nos termos previstos na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrita á actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Fundación ten entre os seus fins reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

Dentro das súas actividades para o 2024, a Fundación organiza un encontro informático de carácter lúdico, formativo e cultural destinado a persoas mozas a desenvolver no segundo semestre do ano 2024.

Cuarto. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é consciente da importancia que ten brindar á xuventude un marco para que se introduza e afonde na sociedade da información e no manexo das novas tecnoloxías e de que a adaptación aos tempos actuais e de inmediato futuro



esixen a utilización sistemática de novas tecnoloxías que se están introducindo masivamente no mundo da información, polo que é necesario darlle á xuventude a posibilidade de ter un punto de referencia sobre estas tecnoloxías, con presenza dos produtos máis actuais, onde ademais poidan desenvolver e darlle saída á súa creatividade.

Quinto. Que as partes teñen, como interese común, a promoción de actuacións que contribúan á introdución da sociedade galega en xeral e da xuventude en particular, no mundo das novas tecnoloxías.

Sexto. Que a Fundación Semana Verde de Galicia conta coas instalacións adecuadas para realizar un evento presencial que permitirá que máis de 1000 mozos e mozas estean conectados durante tres días. Trátase dun espazo caracterizado pola súa capacidade e estruturaación.

Que a organización de actividades lúdicas, formativas e culturais vinculadas ás novas tecnoloxías teñen unha grande demanda por parte da xuventude galega, que reclama a organización dun evento centrado neste aspecto. Así, o encontro que porá en marcha a Fundación será un evento dirixido á xuventude que desexe unha relación máis directa coas novas tecnoloxías nun escenario singular, cunha serie de actividades dinámicas; un evento multidisciplinar con diversas áreas temáticas que aborde a tecnoloxía dende todas as perspectivas.

Sétimo. A través do presente convenio concederáse unha subvención nominativa a favor da Fundación Semana Verde de Galicia prevista nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, nos termos recollidos no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia así como do artigo 36 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que xustifica a imposibilidade de promover a concorrência pública.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude concederá unha subvención pública a favor da Fundación Semana Verde de Galicia co obxecto de fomentar o desenvolvemento do dito encontro informático.

Oitavo.- Que a Fundación Semana Verde de Galicia presentou unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto e para os mesmos gastos subvencionables, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais; así como unha declaración sobre a concesión



de calquera outra axuda minimis recibida durante o tres exercicios fiscais previos, con suxeición ao Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023 Serie L), en virtude do cal as subvencións a conceder quedan exentas da obriga de notificación previa e de comunicación á Comisión Europea. Informarase ao beneficiario sobre o importe da axuda e o seu carácter de minimis facendo unha referencia expresa ao citado Regulamento (UE) 2023/2831.

A aplicación do réxime *de minimis* implica que a axuda total *de minimis* concedida, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2023/2831, non pode ser superior a 300.000 € durante o período dos tres anos previos.

Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto *de minimis*, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

Así mesmo, a Fundación Semana Verde de Galicia presentou unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e contido

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Semana Verde de Galicia para o financiamento pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da concesión directa dunha subvención, da organización e desenvolvemento no ano 2024 dun encontro informático que levará a cabo a Fundación Semana Verde de Galicia, entidade beneficiaria da subvención.

O encontro informático ten como obxectivo principal ser un punto de encontro e referencia para a xuventude no eido das novas tecnoloxías, combinando actividades educativas, lúdicas,



formativas e culturais e desenvolverase no segundo semestre do ano 2024 no Recinto Feiral da Fundación Semana Verde de Galicia en Silleda.

2. O evento contará con numerosas actividades, tanto na zona *Intranet*, exclusiva para as persoas rexistradas, como na zona *Extranet*, destinada ao público en xeral:

a) Na zona *Intranet* desenvolveranse concursos de arte dixital nas súas tres vertentes de imaxe, música e programación, propostas centradas no hardware, torneos de videoxogos e gran diversidade de xogos de habilidade, coñecementos, interpretación e humor.

b) Na zona *Extranet* incluírase un amplo programa con propostas de realidade virtual e mixta e as seguintes actividades:

1º. Obradoiros e conferencias relacionadas coas novas tecnoloxías, internet, os videoxogos e o mundo dixital.

2º. Xogos de mesa, xadrez, billar, pistas deportivas, zona de consolas, campionatos dalgúns xogos, zonas de rol e unha exposicións de figuras de ciencia ficción.

Poderá ademais incorporarse algunha outra actividade que se considere atractiva e axeitada para esta cita.

Segunda. Crédito orzamentario

A achega financeira da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través do presente convenio, ascende á cantidade de trinta e cinco mil noventa e catro euros (35.094,00€) , con cargo á partida orzamentaria 43.05.313A.443.01 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, para a organización e desenvolvemento por parte da Fundación Semana Verde de Galicia do encontro informático dende as súas instalacións.

O destino desta achega aplicárase por parte da Fundación ao financiamento das seguintes partidas do orzamento xeral do evento:

Concepto	Intranet	Extranet	Total
Servizos informáticos	5.000,00 €	4.000,00 €	9.000,00 €
Custe de persoal	6.000,00 €	3.000,00 €	9.000,00 €
Montaxe do evento	4.000,00 €	1.000,00 €	5.000,00 €



Manutención e aloxamento	3.094,00 €	1.000,00 €	4.094,00 €
Premios e obsequios	2.500,00 €	0,00 €	2.500,00 €
Limpeza	1.500,00 €	1.000,00 €	2.500,00 €
Seguridade	1.500,00 €	500,00 €	2.000,00 €
Promoción e publicidade	500,00 €	500,00 €	1.000,00 €
Total	24.094,00 €	11.000,00 €	35.094,00 €

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Terceira.- Compatibilidade de outras axudas e/ou subvencións

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que puidera obter o beneficiario procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, e en todo caso, o importe global de todas as axudas que se obteñan non poderá superar o custo efectivo da actividade.

Cuarta. *Condicións de pago e xustificación do gasto*

1. O aboamento do importe establecido realizarase nun único pagamento, unha vez que a entidade beneficiaria xustifique o gasto aplicable ás actividades a subvencionar a través do convenio, mediante a achega de facturas, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas e documentos similares.
2. Para estes efectos consideraranse como gasto efectuado o efectivamente pagado, é dicir, do que se acredite o seu pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario, segundo o establecido no artigo 42º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Acompañarase unha certificación expedida polo director da Fundación Semana Verde de Galicia, da realización das actividades e o gasto derivado delas.



4. Achegarase, así mesmo, a declaración do conxunto de todas as solicitudes aprobadas ou concedidas así como as pendentes de resolución para este mesmo proxecto e para os mesmos gastos subvencionables das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, sociedades ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais; a declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma; así como unha declaración sobre calquera outra axuda minimis concedida durante os tres anos previos, de conformidade co artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 y 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

5. Esta documentación deberá remitirse coa xustificación final e, en todo caso, coa data límite do 15 de decembro de 2024, así como unha declaración responsable nos termos do artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Quinta. Obrigas

1. A Fundación Semana Verde de Galicia deberá cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a seguir se relacionan:

a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarada a Fundación, insolvente en ningún procedemento, non ter sido declarada en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme ao Real decreto lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.



- d) Non estar incurso a entidade beneficiaria, os administradores desta ou aqueles que ostenten a súa representación legal en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Xunto cos requisitos anteriores a Fundación Semana Verde de Galicia debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención de outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas a través deste convenio, así como a modificación das circunstancias que tiveran fundamentado a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- d) Acreditar que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa



Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.

e) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no clausulado deste convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a entidade beneficiaria da subvención está obrigada a subministrar á Administración, ao organismo ou entidade das previstas no seu artigo 3.1, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

4. A Fundación Semana Verde de Galicia someterase ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, tanto no relativo á organización e desenvolvemento do evento informático como á súa xestión e tramitación administrativa e documental, realizadas polo persoal designado para o efecto, e facilitará toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Sexta. Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou



entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

Sétima. *Relación contractual*

A sinatura deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados da Fundación Semana Verde de Galicia que desenvolvan as actividades programadas e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Oitava. *Causas de resolución*

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) Os demais supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Novena. *Comisión de seguimento e control*

1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións de supervisión e avaliación do seguimento de actividades, obxecto de subvención recollidas neste convenio.
2. A comisión estará composta por un representante de cada unha das entidades asinantes do convenio.
3. A representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, que, así mesmo, ostentará a Presidencia da Comisión.



A suplencia será asumida segundo o disposto na disposición adicional cuarta do Decreto 196/2024, do 20 de maio e na orde de prelación que se establece no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

4. A representación da Fundación Semana Verde de Galicia, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a presidencia do Padroado da Fundación.

5. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de xuventude. Contará con voz pero sen voto.

6. A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, aos efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima. *Publicidade e transparencia*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste, e de



conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a



través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo segunda. *Réxime xurídico e normativa de aplicación*

1. O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 9/2017, do 13 de xuño, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamento de Galicia. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

De acordo ao artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio serán resoltas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa, no prazo dun mes. Se o acto no fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros



posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior da Xustiza de Galicia.

2. Esta axuda ampárase no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado do funcionamento da Unión Europea, ás axudas de minimis.

Décimo terceira. Vixencia

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, e dada a súa finalidade, poderán subvencionarse con cargo ao mesmo gastos relacionados directamente coa organización do evento dende o 1 de xaneiro de 2024.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

O conselleiro
José López Campos

Pola Fundación Semana Verde de Galicia

O director xeral
Ricardo José Durán Rodríguez
(escritura notarial nº 1336 do 27/12/2013)

